

#moitomásquepedras

Concurso de FOTOGRAFÍA



Co obxecto de promocionar a paisaxe conxunta dos Penedos de Pasarela e Traba, os Concellos de Vimianzo e Laxe, convocan o I Concurso de Fotografía “#moitomásquepedras” con arranxo ás seguintes

BASES

- PARTICIPACIÓN.** Este Concurso está aberto a tódalas persoas profesionais ou afeccionadas á fotografía que o desexen. Polo tanto, poderá participar, de xeito individual, calquera persoa interesada.
- TEMA.** O tema do Concurso son os Penedos de Pasarela e Traba.

Para facilitar o coñecemento do espazo, os Concellos de Vimianzo e Laxe organizan conxuntamente unha visita guiada o sábado 13 de outubro de 2018 con saída as 9.00 horas da Escola de Pasarela. Para participar é necesario inscribirse a través de www.turismolaxe.gal ou www.vimianzo.gal.

O sábado 20 de outubro de 2018 haberá outra visita guiada ós Penedos, específica para as persoas interesadas en participar neste Concurso. Para asistir non é necesario inscribirse, soamente hai que dirixirse ó punto de encontro na Escola de Pasarela ás 9.00 horas.

En calquera caso, non é requisito participar nas visitas guiadas para participar no Concurso.
- CARACTERÍSTICAS DAS FOTOGRAFÍAS.** Cada persoa poderá participar cun máximo de 3 fotografías inéditas, en branco e negro ou en cor, en formato JPG, PNG ou TIFF, cunha resolución mínima de 4.000 x 2600 px, en vertical ou horizontal. Non se admitirán fotomontaxes de varias fotografías.
- ADMISIÓN DAS OBRAS.** Soamente se admitirán a concurso as obras que fosen remitidas conforme ó disposto nas presentes bases.

Cada participante garante que é lexítimo titular de tódolos dereitos de propiedade intelectual inherentes ás imaxes presentadas, e garante tamén que non infrinxe dereitos de imaxe de terceiras persoas.

Non se admitirán a Concurso aquelas obras que poidan vulnerar o dereito ó honor ou á intimidade de terceiras persoas ou que poidan resultar de mal gusto, ofensivas, difamatorias, xenófobas ou que conculquen a legalidade vixente. Tamén serán descartadas as obras que non reúnan a calidade esixida e aquelas que leven sinatura ou algunha outra marca identificativa.

Serán excluídas automaticamente deste concurso aquelas fotografías nas que aparezan menores de idade recoñecibles. No caso de fotografías nas que aparezan unha ou varias persoas físicas maiores de idade, recoñecibles, o/a participante deberá contar coa autorización expresa das mesmas, que será necesaria (conforme á Lei Orgánica 1/1982), de 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e a propia imaxe) para a presentación da fotografía neste Concurso, e para a súa utilización nos termos establecidos nestas bases, o cal se esixirá as persoas participantes mediante a aportación de documentación acreditativa.

O/a autor/a da fotografía asume a responsabilidade do correcto cumprimento desta e das demais garantías da normativa sobre protección da propia imaxe, comprometéndose a indemnizar os danos e prexuízos que puidera ocasionar o seu incumprimento.
- PRESENTACIÓN E PRAZO DE ENTREGA.** As fotografías de cada autor/a serán enviadas en formato impreso, e nun mesmo correo, á seguinte dirección postal: Concello de Laxe – Avda. Cesáreo Pondal, nº26 – 15117 – LAXE. No exterior do sobre indícarase o texto: Concurso de fotografía #moitomásquepedras.

No sobre remitido deberá adxuntarse, debidamente cuberta, a folla de participación que figura como ANEXO 1 a estas bases. So se admitirá un único correo por autoría, prevalecendo en calquera caso o primeiro envío recibido. A data límite para o envío de propostas será o **venres 9 de novembro de 2018**, da que dará fe o cuño postal.
- DATOS PERSOAIS.** Os datos persoais necesarios para a admisión dos traballos serán empregados unicamente coa finalidade de xestionar e executar este Concurso. Non se empregarán para ningunha acción publicitaria, nin serán cedidos a ningunha empresa, nin inscritos en ningunha base de datos.

O nome e apelidos das persoas premiadas farase público para xeral coñecemento, previo consentimento da persoa implicada.
- JURADO.** O xurado inicialmente proposto para resolver este Concurso está formado por Dona Ana García, Don José Manuel Ferreiro e Dona Mar Casal.

Unha vez pechado o prazo de presentación dos traballos, o xurado constituído ó efecto reunirse para determinar cales son as persoas premiadas.

O resultado comunicaráse a cada persoa premiada ó teléfono de contacto e/ou á dirección de correo electrónico que así mesmo se faga constar na folla de participación (Anexo 1). Se no prazo de 3 días hábiles non fora posible contactar con calquera das persoas premiadas, quedará automaticamente excluída do Concurso.

Unha vez establecida comunicación coas persoas premiadas, estas disporán de 3 días hábiles para comunicar a aceptación do premio e presentar a obra en formato dixital de alta resolución. Se transcurrido este prazo non se recibise resposta de calquera das persoas premiadas, entenderase a renuncia.

As obras presentadas valoraranse polo Xurado tendo en conta os seguintes criterios:
 - O contido artístico e as técnicas gráficas aplicadas
 - O criterio estético e conceptual
 - O valor comunicativo e promocional
O fallo do Xurado será inapelable, podendo quedar o Concurso deserto se así o estiman os membros que o compoñen.
- PREMIO.** Establécense tres premios, intransferibles, consistente na cantidade económica de 500 € (IVE incluído) para o primeiro premio, 300 € (IVE incluído) para o segundo premio, e 200 € (IVE incluído) para o terceiro premio. Estes premios serán entregados nun acto público o 11 de decembro de 2018. Así mesmo, a fotografía que acado o primeiro premio será impresa en formato cartel, pasando a distribuírse gratuitamente en calidade de imaxe turística dos Penedos de Pasarela e Traba. Neste proceso colaborará a Deputación Provincial da Coruña, por medio da impresión de 5.000 exemplares.

Os Concellos de Vimianzo e Laxe resérvanse o dereito de pago supeditado á dispoñibilidade orzamentaria.
- DEREITOS DE PROPIEDAD E REPRODUCCIÓN.** As fotografías premiadas pasarán a ser propiedade dos Concellos de Vimianzo e Laxe. Quedarán integradas nos arquivos dixitais municipais de ámbalas dúas administracións e poderán ser empregadas en todo ou en parte, sen límites temporais nin territoriais con fins de exposición e promoción de carácter turístico, cultural ou deportivo, sen contraprestación económica para, a título enunciativo e sen carácter exhaustivo, facer difusión dos Penedos de Pasarela e Traba a través da publicación de folletos, publicidade en actos de promoción turística, ou calquera outro soporte e medio que se considere conveniente para o fin exposto. Deste uso non se derivarán dereitos de autor/a.
- ACEPTACIÓN DAS BASES.** A participación neste Concurso ten carácter gratuíto e supón a aceptación íntegra destas bases, reservándose o Concello de Vimianzo e o de Laxe a facultade de resolver calquera aspecto non previsto na súa redacción.